



San Xoán de Ávila

Queridos irmáns sacerdotes e fieis todos,

A festa de San Xoán de Ávila, que nos reúne un ano máis para celebrar ao noso santo patrón, convidanos a pensar en primeiro lugar no amor do Señor Xesús, levado ata o extremo na Última Cea – como anticipo da redención e da Pascua. Contemplar e comprender este amor, na medida seguramente pequena da nosa fe, é a indicación primeira que nos dá sempre Xoán de Ávila.

El, pola súa banda, insistiu en que Xesús nos amou segundo o corazón e o designio do Pai e, por iso, segundo o noso verdadeiro ser, con lucidez, e sen límite nin reservas. Ningún criterio só humano, ningún horizonte terreal daría razón suficiente da nosa existencia, da liberdade e o corazón de cada un. Só Deus pode facelo; nada deste mundo define a nosa persoa, a nosa vocación.

Por amor ao Pai, ao que somos aos ollos do Pai, para que a súa vontade se cumprise con respecto a nós, segundo a profundidade da súa mirada paterna, Cristo asumiu toda a fatiga, o abaixamento, os sufrimentos e a entrega de si ata o final; manifestando con iso a verdade do seu corazón de Fillo, que recibe e comparte todo o seu ser, todo o seu espírito co Pai.

Desta unidade no amor, na que podemos recoñecer ao mesmo Espírito Santo, vén a nosa vocación, a nosa verdade persoal. Nada menor, ningún amor menor, ningunha outra relación interhumana pode substituír esta mirada divina, esta caridade primeira, principio e fundamento noso; ao contrario, todo afecto, toda relación está chamada, en realidade, a testemuñala. E nós, na nosa persoa e vocación, nos xestos da nosa entrega, amando como o Señor nos amou, somos testemuñas deste Evanxeo, da obra redentora e salvadora do amor divino.

Á pertenza e permanencia de cada un nesta historia, nesta relación de amor nova introducida por Cristo no mundo, está destinado especificamente o ministerio sacerdotal. É un servizo enraizado na alegría da fe, na verdade do propio corazón iluminado polo encontro co amor do Señor, e vivido nas fatigas propias da nosa humanidade, chamado a ser entrega cotiá e precisamente así caridade verdadeira.

Servimos á memoria do Amor de Deus por cada un, ao anuncio da vida e a comunión que o Señor Xesús nos ofrece. É un servizo á acollida da revelación divina, da súa Palabra feita carne, irreductible aos nosos esquemas, que renova as mentes de quen a acolle con docilidade. Somos ministros da Palabra de Deus, dunha Palabra que non é nosa, que non xeramos nós, nin por algunha xenialidade, nin por un consenso ou un acordo; senón que é Palabra na que nos fala outro Amor, outra presenza, Deus mesmo. A ninguén interesa menos: non a palabra do home ou muller que fóra, senón a de Deus; non o pensamento doutro ser humano, senón o manifestarse do Fillo de Deus na nosa carne.



E por iso, os sacerdotes facemos un servizo peculiar, extraordinario en realidade, nos sacramentos, na Eucaristía, signo e instrumento da presenza real de Xesucristo, deste Amor de horizonte diverso, divino, correspondente ao misterio da persoa de cada un. Presenza sacramental de Cristo: a iso serve o ministerio do sacerdote, o noso estar no medio do pobo.

Só na común pertenza ao Señor, a Deus, xérase e vívese unha unidade na que cada persoa é ela mesma, coa súa propia vocación, sen que ninguén pretenda poder dar razón do misterio do corazón do outro e ter control sobre el. Nela descubrímonos todos amados, todos chamados, todos redimidos, lavados pola mesma sangue e bautizados, todos sentados á mesma mesa, a do Señor –e non a de ningún outro–, a da Eucaristía.

O sacerdote serve a esta común pertenza, edificada sobre a Palabra de Deus e a presenza sacramental do Señor, e onde a caridade –o respecto, o coidado mutuo– é como a forma íntima de toda a vida, a dinámica propia da comunión eclesial.

Este horizonte ministerial, encomendado aos apóstolos por Cristo, que quere que se anuncie o Evanxeo e poida ser vivido en toda a terra, segue sendo o dos sucesores dos apóstolos e o dos seus colaboradores, os bispos e sacerdotes. E, como é un horizonte universal, sen máis límites que os do designio divino, uníndonos a todos nunha mesma fe e un mesmo bautismo, nun mesmo pan e un mesmo cáliz, é tamén o verdadeiro horizonte do ministerio papal, do sucesor de Pedro.

Confiados na intercesión de San Xoán de Ávila, pidamos hoxe polo noso novo Papa, León XIV. Pidamos pola nosa vocación todos, polos nosos irmáns sacerdotes no mundo enteiro.

Pidamos a claridade e a sinxeleza da fe, que se adhire a Xesús, que nel recoñece o tesouro verdadeiro da nosa humanidade; unha fe que sexa para nós consolo ante a grandeza do seu Corazón, audacia porque El dános a coñecer ao Pai e o seu designio de salvación do mundo, perseveranza e paciencia porque servimos ao verdadeiro Señor, e sempre capacidade de vivir de modo novo, pola caridade compartida que recibimos da súa graza e do seu Espírito.



Pidamos ser fieis e permanecer na tarefa verdadeira, saber anunciar dignamente a Palabra de Deus –que é unha graza especial e inmensa– e celebrar os misterios da fe; saber estar a beira e amar de verdade aos nosos irmáns, saber facer florecer a caridade de moitas maneiras, como corresponde a cada un e ás diferentes circunstancias.

Que o Señor nos conceda ser compañía boa os uns para os outros na nosa vida sacerdotal, nas alegrías e nas penas. Que protexa coa súa graza especialmente ao Sucesor de Pedro, a León XIV, que asumiu un ministerio sempre desproporcionado ás forzas humanas.

E demos grazas a Deus, o Señor, por chamarnos, por querernos ao seu lado, por confiarnos o máis valioso de todo –o seu rabaño, os seus irmáns pequenos polos que entregou a vida, o seu propio Corpo e Sangue–, por manter a súa fidelidade para connosco ao longo dos anos e sosternos sempre.

Que en todo iso nos axude a Santísima Virxe María, Nai dos sacerdotes, coa cal queremos cada día proclamar as grandezas do Señor. Que Ela nos conceda ter parte sempre naquela alegría que encheu o seu espírito pola presenza próxima do Salvador; e conservar viva a memoria daquela mirada divina que enalteceu tamén a nosa pequenez e puxo a nosa vida ao servizo do ben máis grande para o noso pobo e a nosa terra, a comunión de vida, caridade e verdade constituída por Cristo como xerme moi seguro de esperanza e de salvación para todo o xénero humano.

Alfonso,
Bispo de Lugo